



Detec(TI)ves en acción ...



II XORNADA DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



10,11,12
MAIO 2013

EDIFICIO
LICEO
BETANZOS

ORGANIZAN:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Centro de Formación e Recursos Á Carreira

ANPA BRIGANTIUM



PATROCINAN:



MANUELL VILLUENBAS PEÑA



Boletín para os pais/nais

Maio 2013

Só había 100 mil €
conseguimos
máis de 1 millón €

Xa logramos
o imposible,
agora obremos
o milagre

COLE EN
SETEMBRO 2014
FOLLA DE RUTA XA

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>



email :anpabrigantium@gmail.com

ANPA Brigantium

Detec(TI)ves Brigantium : En acción

AVENTURA DE 1ª EN CHELO:

O domingo 14 de Abril, despois de ser aprazada unha semana por mor do mal tempo, **celebrouse a 1ª saída** de detectives Brigantium. Valeu a pena agardar xa que tanto país como nenos, **en total unhas 50 persoas**, puideron disfrutar dun fermoso e soleado día de primavera. Os nenos **visitaron a Aula de Natureza** de Chelo acompañados pola súa mestra, que tamén quixo participar nesta saída, e por unha monitora que lles explicou dun xeito moi ameno e didáctico temas como o ciclo da auga ou a gran cantidade de seres vivos que podemos atopar no río e ó seu carón. A continuación todos deron **un paseo pola beira do río** para seguir aprendendo na propia natureza e poder ver, tocar, fotografar e coller unhas poucas mostras das prantas que posteriormente lles servirán para facer un herbario na aula. A xornada **rematou cunha comida campestre** e coa maioría dos nenos case que totalmente bañados porque non quixeron desaproveitar a oportunidade de argallar mil e un xogos coa auga. En definitiva, unha xornada de aprendizaxe e lecer na que todos **disfrutaron dunha marabillosa xornada** con amigos e familiares. Moitos xa preguntan impacientes cando será a próxima. Agradecer á titora dos nenos a súa colaboración e asistencia.

OS DETEC(TI)VES ARTISTAS DE 5º B NA ALAMEDA

O pasado 14 de Abril celebrouse na Alameda a actividade dos Detectives de 5ºB de Infantil. O éxito da mesma foi rotundo tanto pola gran cantidade de participantes como polo **entusiasmo e divertimento** de todos. Este acto fíxose como complemento do proxecto de aula levado a cabo no segundo trimestre titulado **“Somos Pintores”**, no que a pintura de Paul Klee era unha das figuras centrais. Agradecer á titora dos nenos a súa colaboración e asistencia.

NOVAS AVENTURAS DE DETEC(TI)VES

Xa estamos a preparar **dúas novas saídas** de Detec(TI)ves Brigantium. Irémonos visitar a parte antiga de Betanzos onde os nosos detec(TI)ves recibirán un **mapa con pistas** para encontrar **o tesouro** dos Andrades. Tamén visitaremos o museo das Mariñas onde o nosos pequenos detec(TI)ves **farán unha viaxe** a través da historia de Betanzos.

A VIABILIDADE DA ESCOLA UNITARIA “O FONTELO DE OIS”

A oferta educativa de carácter público de Betanzos está sustentada no CEIP Francisco Vales Villamarín e nas Escolas de Educación Infantil (unitarias) dos concellos de Coirós e Paderne, que son á súa vez centros adscritos ao Vales Villamarín.

Estas escolas unitarias que ofertan un modelo de escolarización multinivel para os nenos e nenas do segundo ciclo de educación infantil, son a opción preferida polas familias da súa área de influencia e enriquecen o tecido educativo do conxunto da área de Betanzos, aportando diversidade no marco do ensino público de calidade que a sociedade demanda.

Non obstante, as escolas unitarias en xeral están suxeitas a unha lexislación restrictiva para proceder ao seu desmantelamento, que as aboca á desaparición cando non superan o umbral mínimo de matrículas establecido na normativa educativa vixente.

Se ben o proceso de matriculación a centros de ensino públicos aínda non rematou, o número de inscritos para o curso 2013-2014 na Escola O Fontelo está por debaixo do mínimo establecido, polo que existe o risco de liquidación dunha institución educativa cunha longa historia de servizo á sociedade desde a súa inauguración nos anos 30 do século XX.

Agora aínda estamos a tempo de evitar un escenario non desexado, polo que resulta acado realizar un exercicio público de reflexión colectiva:

- A baixa demanda de matrícula para o vindeiro curso é absolutamente puntual na EEI O Fontelo considerando o crecemento demográfico na súa área de influencia, que conleva un incremento da necesidade de prazas escolares para cursos posteriores.
- A sociedade de Ois e do conxunto de Coirós, así como as súas institucións representativas son decididamente partidarias de manter aberta a escola.
- A continuidade da EEI O Fontelo é especialmente importante no momento actual, é unha medida sumamente eficaz para aliviar o problema de masificación no CEIP Vales Villamarín, que non estará resolto ata que se remate e entre en funcionamento o Cole Novo.
- A administración educativa é coñecedora dos aspectos expostos anteriormente e transmite sensibilidade, comprensión e compromiso.

Na área educativa de Betanzos non é o momento de pechar un centro educativo. É momento de concertar vontades pola mellora do ensino e entre todos garantir a viabilidade da EEI O Fontelo de Ois.

Desde a Anpa Brigantium apoiamos calquera iniciativa que axude a non desmantelar as escolas unitarias e ofrecemos a nosa organización e actividades para o que sexa preciso.

Exhibición actividades extraescolares

A finais de maio rematan as actividades extraescolares do curso 2012-2013, **organizadas pola Anpa Brigantium** e realizadas no Vales Villamarín.

Como tódolos anos, faremos unha exhibición das mesmas que será o **8 de xuño de 16.30 a 20.30**. Pretendemos que sexa unha festa de fin de curso na que os nenos/as participantes nas nosas actividades poidan amosarlle a familiares e amigos o moito que **aprenderon e disfrutaron** ó longo deste curso que está a piques de rematar.

O horario de cada actividade seralle comunicado ós nenos a través do monitor e estará exposto nas portas do colexio e do pavillón uns días antes.

XI TORNEO INTERAULAS

O **sábado 1 de Xuño de 10.00 a 13.00 hs.** celebrarase no pavillón do C.E.I.P. Vales Villamarín o XI Torneo Interaulas. Nel poderán participar de xeito gratuíto **tódolos nenos/as** que estudien educación primaria no noso colexio.

A competición será **por equipos** e consistirá nas seguintes probas deportivas: salto de lonxitude, lanzamento de precisión con mans e pés, circuito de axilidade e habilidade con balón e carreiras de relevos de velocidade e de resistencia.

Tódolos equipos deberán ser mixtos e estar compostos por 5 nenos/as da mesma aula. Os interesados traerán unha autorización firmada polos seus pais para poder participar no torneo e **inscribirse na folia que terá o seu titor** poñendo o nome do equipo e dos seus integrantes. Se algún neno/a non consegue formar equipo na súa aula, poderá anotarse igual e o día do torneo se lle indicará con que equipo participa.

Competirán **os equipos de cada ciclo** entre eles, nos seguintes horarios: os de 3º ciclo ás 10.00, os de 2º ciclo ás 11.00 e os de 1º ciclo ás 12.00.

Agardámosvos un ano máis nesta divertida competición e festa deportiva.

Charlas mes Abril

No pasado mes de Abril tivemos no noso colexio as dúas charlas anunciadas no anterior boletín.

Na 1ª, **Dolores Queiro**, amosou a través duns curtos a realidade das mulleres traballadoras, solidarias, loitadoras, e tamén das indixenas que se atopan co menosprecio e co racismo diariamente. A continuación **tivo lugar un debate** onde se falou do machismo, tan presente na nosa sociedade, e co que as mulleres nos tropezamos cada día.

Na 2ª, Jorge Mira explicounos de forma amena e sinxela, como nos multiplicamos os humanos, da evolución das especies e de cómo a ciencia está presente en todas as esquinas, presentando finalmente **uns estudos científicos moi curiosos** sobre diferentes temáticas..